- ✓ Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe definidos en cada área e concretados a través dos indicadores de logro. (perfil de área).
- ✓ O grao de consecución dos estándares de aprendizaxe das distintas áreas relacionadas coas competencias básicas (perfil competencial).

A avaliación será realizada en tres momentos:

- 1ª Ao comezar farase unha **avaliación inicial** como función diagnóstica, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión axeitada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave
- 2ª Ó longo do curso, como función formativa, farase a **avaliación continua** revisando o nivel de consecución dos estándares marcados na programación e analizando datos de toda índole (procedementos utilizados, metodoloxía, reforzos necesarios...) a través de tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre.
- 3ª A **avaliación final**, ao rematar o curso, en que valorará o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, tendo en conta os indicadores de logro. Aquí a información acumulada anteriormente axudará a tomar decisións sobre a promoción do alumnado, os cambios que serán necesarios introducir no proceso educativo, a orientación á familia, etc.

Os **procedementos de avaliación** empregados serán:

- A observación sistemática
- A análise das producións do alumnado
- As probas específicas
- Os intercambios orais

A información será recollida nos seguintes **instrumentos** de avaliación:

- Escala de observación
- Diario de aula
- Rúbricas

- Fichas de rexistro

Outro tipo de avaliación que se levará a cabo será a autoavaliación ao final de cada unidade xa que é indispensable para lograr que o alumnado acadese certa autonomía e se implique responsablemente no proceso de aprendizaxe, ademais de que elabore xuízos e criterios persoais.

Os **criterios de cualificación** serán os a continuación especificados:

Criterios de cualificación	Porcentaxe
Valoración dos contidos, competencias adquiridas ou traballadas	50 %
Realización do traballo na clase: desenvolvemento axeitado de tarefas e actividades, presentación do caderno, fichas, etc. Traballo tanto individual como en equipo.	30 %
Comportamento na aula, participación, interese, motivación,...	20%

En relación á **promoción** do alumno ou alumna, o equipo docente, decidirá sobre a mesma, tendo en conta os criterios de promoción así como o grao de adquisición das competencias correspondentes, e tomando especialmente a consideración e o criterio da titora.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Para a promoción terase en conta que permanecerán un ano máis no nivel aqueles alumnos/as con máis de tres áreas instrumentais suspensas. Promocionará, por imperativo legal, aquel alumno que xa permaneceu un ano máis nalgún dos cursos anteriores.

Polo tanto, os **criterios de promoción** nas áreas instrumentais serán:

Os mínimos a ter en conta para promocionar serán os seguintes:

Lingua castelá e literatura

- ✓ Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitadas utilizando o vocabulario adecuado ó seu nivel.
- ✓ Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos.
- ✓ Elabora e produce textos orais sinxelos de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas... □ Le en voz alta, con pronunciación, velocidade lectora e entoación axeitada.
- ✓ Escribe textos sinxelos respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas con caligrafía clara e limpeza.
- ✓ Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro.
- ✓ Utiliza sinónimos e antónimos, polisémicas na expresión oral e escrita.
- ✓ Reproduce textos orais moi breves: cancións e poemas.

Lingua Galega e Literatura

- ✓ Elabora e produce textos orais sinxelos.
- ✓ Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
- ✓ Le textos en voz alta, con pronunciación, velocidade lectora e entoación axeitada.

- ✓ Elabora textos con coherencia xeral, de xeito creativo e seguindo as normas básicas de presentación: disposición no papel, limpeza e claridade.
- ✓ Aplica, de maneira xeral, as normas ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- ✓ Identifica nomes comúns e propios e sinala o xénero e número das palabras.
- ✓ Aмоса curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

Matemáticas

- ✓ Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
- ✓ Le, escribe e ordena números ata 999.
- ✓ Identifica o valor de posición das cifras en situación e contextos reais.
- ✓ Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
- ✓ Utiliza números ordinais en contextos reais.
- ✓ Descompón e compón números naturais, interpretando o valor da posición de cada un das súas cifras.

- ✓ Identifica números pares e impares.
- ✓ Realiza cálculos numéricos coas operación de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
- ✓ Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
- ✓ Resolve operacións con cálculo mental.
- ✓ Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
- ✓ Coñece e utiliza as unidades de medida de lonxitude (quilómetro, metro e centímetro), as de peso (quilo, medio quilo e cuarto quilo) e as de capacidade (litro, medio litro e cuarto litro).
- ✓ Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais (en punto, medias e cuartos).
- ✓ Coñece a función e o valor de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
- ✓ Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.

A avaliación en 2º de Educación Primaria será por competencias tendo en conta os estándares de aprendizaxe. A continuación amósanse os instrumentos de avaliación para cada un dos bloques das distintas áreas.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Na área de Lingua Castelá e literatura establécense, tendo en conta o citado Decreto 105/2014, os seguintes bloques de contidos:

- Comunicación oral (falar e escoitar)
- Comunicación escrita (ler)
- Comunicación escrita (escribir)
- Coñecemento da lingua
- Educación Literaria

TIPOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR (observación directa, intercambio orais entre alumnos, diario de clase da mestra)
COMUNICACIÓN ESCRITA: LER (observación directa e diario de clase da mestra)
COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR (rúbrica de expresión escrita, análise de textos escritos e caderno de clase)
COÑECEMENTO DA LINGUA (probas específicas abertas, caderno de clase, diario de clase)
EDUCACIÓN LITERARIA (análise de produción no caderno de clase, diario de clase)
C. APRENDER A APRENDER (análise de producións)
C. SOCIAL E CÍVICA (Observación directa)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

- Comunicación oral (falar e escoitar)
- Comunicación escrita (ler)
- Comunicación escrita (escribir)
- Coñecemento da lingua
- Educación Literaria

TIPOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR (observación directa, intercambio orais entre alumnos, diario de clase da mestra)
COMUNICACIÓN ESCRITA: LER (observación directa e diario de clase da mestra)
COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR (rúbrica de expresión escrita, análise de textos escritos e caderno de clase)
COÑECEMENTO DA LINGUA (probos específicas abertas, caderno de clase, diario de clase)
EDUCACIÓN LITERARIA (análise de produción no caderno de clase, diario de clase)
C. COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (intercambios orais entre alumnos, observación directa, diario de clase do profesorado)
C. APRENDER A APRENDER (análise de producións)
C. SOCIAL E CÍVICA (Observación directa)

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- ~ A identidade e dignidade da persoa
- ~ Comprensión e o respecto nas relacións interpersoais
- ~ A convivencia e os valores sociais

TIPOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
A identidade e dignidade da persoa (observación sistemática e intercambios orais co alumnado)
Comprensión e o respecto nas relacións interpersoais (caderno de clase e producións do alumnado)
A convivencia e os valores sociais (observación directa, intercambios orais cos alumnos, caderno de clase do profesorado)
Comunicación lingüística (intercambios orais cos alumnos, observación directa e diario de clase do profesorado)
Competencia social e cívica (intercambios orais coa alumnos, observación directa e diario de clase do profesorado)
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (intercambios orais cos alumnos, observación directa e diario de clase do profesorado)

MATEMÁTICAS

- Procesos, métodos e actitudes en matemáticas
- Números
- Medida
- Xeometría
- Estatística e probabilidade

TIPOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS (Análise de resolución de exercicios e problemas, diario de clase, observación)
NÚMEROS (Análise de resolución de exercicios e problemas, probas específicas de resolución de exercicios e problemas, caderno de clase, observación, diario de clase do profesorado)
MEDIDA (Análise de resolución de exercicios e problemas, probas específicas de resolución de exercicios e problemas, caderno de clase, observación, diario de clase do profesorado)
XEOMETRÍA (Caderno de clase, resolución de exercicios e problemas, probas específicas de resolución de exercicios e problemas, diario de clase do profesorado)
ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE (Caderno de clase, resolución de exercicios e problemas, probas específicas de interpretación de datos, diario de clase do profesorado)
COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (análise do caderno de clase e resolución de exercicios e problemas, observación e diario de clase do profesorado)

COMPETENCIA MATEMÁTICA (análise de resolución de exercicios e problemas, probas específicas de resolución de exercicios e problemas, caderno de clase, observación directa e diario de clase do profesorado)
--

COMPETENCIA DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR (observación directa e diario de clase do profesorado)
--

CIENCIAS SOCIAIS

Na área de Ciencias Sociais daráselle o seguinte peso a cada un dos bloques dos estándares concretos:

- Contidos comúns
- O mundo que nos rodea
- Vivir en sociedade
- As pegadas de tempo

TIPOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CONTIDOS COMÚNS (Diario de clase, observación directa, análise de traballos ou investigacións)

O MUNDO QUE NOS RODEA (Probas específicas obxectivas e abertas, exposicións dun tema, caderno de clase, observación directa, diario de clase do profesorado)

VIVIR EN SOCIEDADE (Probas específicas obxectivas e abertas, exposicións dun tema, caderno de clase, observación directa, diario de clase do profesorado)

AS PEGADAS DO TEMPO (Probas específicas obxectivas e abertas, exposicións dun tema, caderno de clase, observación directa, diario de clase do profesorado)

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (Observación directa e diario de clase do profesorado)

COMPETENCIA MATEMÁTICA (Observación directa e diario de clase do profesorado)
--

CIENCIAS DA NATUREZA

- Iniciación á actividade científica
- O ser humano e a saúde
- Os seres vivos
- Materia e enerxía
- A tecnoloxía, obxectos e máquinas

TIPOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
--

INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA(Diario de clase, observación directa, análise de traballos ou investigacións)

O SER HUMANOD E A SAÚDE (Probas específicas obxectivas e abertas, exposicións dun tema, caderno de clase, observación directa, diario de clase do profesorado)

OS SERES VIVOS (Probas específicas obxectivas e abertas, exposicións dun tema, e caderno de clase, observación directa, diario de clase do profesorado)

MATERIA E ENERXÍA (Probas específicas obxectivas e abertas, exposicións dun tema, caderno de clase, observación directa, diario de clase do profesorado)

A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS (Probas específicas obxectivas e abertas, exposicións dun tema, caderno de clase, observación directa, diario de clase do profesorado)

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (Observación directa e diario de clase)
COMPETENCIA MATEMÁTICA (Observación directa e diario de clase)

4. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Durante o **primeiro mes** de cada curso escolar realizarase unha **avaliación inicial**, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación centrarase na análise dos informes persoais de etapa ou curso anterior, nas áreas instrumentais (lingua galega e castelá e matemáticas), na integración do alumnado no grupo, o seu comportamento e hábitos de traballo e completarase coa información obtida das familias. Esta información será un punto de referencia para a toma de decisións na programación de aula, así como a adopción de medidas ordinarias e extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno e alumna.

Levaremos a cabo, exercicios e actividades que nos permitan, a través da observación sistemática, ver como están afianzados os contidos do curso anterior. Ademais faremos dinámicas para traballar a cohesión do grupo e poder formar equipos para potenciar o traballo cooperativo e en equipo e aplicar estruturas cooperativas.

Na **área de matemáticas** avaliaremos nocións espazo-temporais, aspectos cuantitativos (cantidade, medida...) e cualitativos (identificación de atributos, clasificacións, seriacións...). **Nas áreas de lingua** avaliaremos a expresión e a comprensión. Nas **áreas de ciencias naturais e sociais** avaliaremos aspectos relacionados co corpo, o tempo atmosférico e coa súa contorna. Se algún alumno/a presentase dificultades nalgunha competencia ou non acadase os obxectivos valorarase a posibilidade de recibir o apoio das especialistas en audición e linguaxe ou de pedagogía terapéutica.

- Data : 2ª quincena de setembro
- Tipos de probas :

- Observación directa de actitude e comportamento individual e grupal en actividades cotiás : traballo persoal, traballo cooperativo e xogo.
- Actividades de expresión oral en galego e castelán: desenvolvemento do neno ou nena na asemblea.
- Proba de comprensión oral: debuxo seguindo indicacións orais.
- Proba de lectura: identificación de letras (maiúsculas e minúsculas), lectura de sílabas directas, inversas e mixtas, palabras e frases.
- Tarefas de expresión escrita en galego e castelán: escritura de palabras relacionadas coas vacacións, escritura libre, escritura do seu nome, etc.
- Actividades de contidos matemáticos que se adecúen aos mínimos do 1º nivel: recoñecemento de números, realización das grafías, serie numérica, asociación número-cantidade, sumas, restas, etc.
- Actividades relacionadas coas ciencias naturais e sociais: recoñecemento das partes da cara e do corpo, froitos do outono, debuxo dos membros da familia, etc.

Os resultados desta avaliación darannos información sobre:

- Descrición do grupo
- Necesidades individuais e de grupo

Unhas e outras orientarán e condicionarán a **actuación docente**.

DESCRICIÓN E NECESIDADES	ACTUACIÓN
--------------------------	-----------

<ul style="list-style-type: none"> ✓ Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...). ✓ Cohesión do grupo. ✓ Rexeitamentos ou liderazgos. ✓ Fortalezas e necesidades que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento do currículo. ✓ Fortalezas e necesidades que se identifican no grupo en canto a aspectos competenciais. ✓ Fortalezas e necesidades que se identifican individualmente en canto ao desenvolvemento do currículo. ✓ Fortalezas e necesidades que se identifican individualmente en canto a aspectos competenciais 	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Planificación de estratexias metodolóxicas. ✓ Xestión de aula: agrupamentos, espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual. ✓ Recursos que se van empregar. ✓ Medidas curriculares específicas. ✓ Estratexias de seguimento da eficacia de medidas... ✓ Modelos de seguimento de alumnado con necesidades específicas. ✓ Planificación de reforzos ou ampliacións. ✓ Períodos e modos de avaliación . ✓ Información e interacción coas familias.
<p><input type="checkbox"/> Alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe: alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar....</p>	

5. METODOLOXÍA

O **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, define a **metodoloxía didáctica** como o conxunto da estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Teranse en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

A metodoloxía desenvolverase de forma **activa** contando coas ideas previas que posúa o alumnado, e **globalizada** para desenvolver as competencias clave e potenciar a construción de **aprendizaxes significativas**.

Tratarase sempre de espertar **a curiosidade e o interese** do alumnado, fomentar o traballo en equipo e que progresen ao seu propio ritmo **respectando o ritmo dos demais**, cada vez con maior autonomía, de forma que integren os elementos do currículo cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

As estratexias a seguir variarán tanto como sexa necesario para evitar a monotonía por repetición excesiva das mesmas técnicas e procesos. Dentro da metodoloxía empregada atenderase á **individualización** e a **socialización**.

A individualización suporá un tratamento específico para cada neno/a segundo as súas características particulares ou as peculiaridades da aprendizaxe que ten que adquirir, pretendendo que cada un adquira o desenvolvemento máximo das súas capacidades.

A socialización metodolóxica implicará a realización de actividades que favorezan a **inclusión** de cada alumno e alumna no grupo, e, como consecuencia, a creación de actitudes sociais positivas e a integración futura da persoa na sociedade na que vive. Para isto realizaranse actividades de forma **cooperativa** e potenciando o traballo en grupo.

- Faranse traballos en equipo para que aprendan a repartir funcións, a responsabilizarse da súa parte correspondente, a respectar a forma de facer dos compañeiros/as, a compartir cos demais unha tarefa conxunta.
- Faranse postas en común e asembleas para que aprendan a expresarse oralmente e con orde, valorando tanto o que fai cada un deles, coma o que fai cada membro do grupo, respectando sempre a quenda de palabra.

- No **tratamento da diversidade** do alumnado atenderase ás peculiaridades individuais e do medio ao que pertencen, así como ás súas características, procedencias, capacidades... A atención á diversidade supón a elaboración de programas específicos, coa correspondente selección de actividades.. (variadas e con diferentes graos de dificultade).
- Como a aprendizaxe é un proceso interactivo, no que cómpre a **participación activa e dinámica** de todos, intercambiarán habilidades, actitudes, intereses e destrezas propiciando un ambiente de cooperación.
- A **lectura** constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en diferentes soportes. Co fin de fomentar o hábito da lectura, diariamente os alumnos e alumnas dedicarán un tempo mínimo á lectura de 30 minutos.
- Dispoñeremos na aula de **recunchos** para poder atender mellor ás diferencias, intereses e ritmos de aprendizaxe de cada neno/a, ademais de axudar a desenvolver a autonomía e os hábitos de traballo.

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Prestarase especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), é dicir, aos alumnos que segundo o *Capítulo I, artigo 71 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación tras a modificación da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de febreiro para a Mellora da Calidade Educativa*, son os que: “requiren dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar”.

Polo tanto, conxuntamente entre a titora e o Departamento de Orientación acordaranse unha serie de medidas de atención a diversidade para o alumnado. Seguindo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas en la Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*, enténdense por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e programas destinadas a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma o máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Con carácter xeral, os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto **organizativos** como **curriculares**. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, tanto dentro como fóra da aula, ou as adaptacións do currículo.

Tendo en conta as necesidades deste grupo de alumnos, as medidas que tomaremos en principio serán as seguintes:

MEDIDAS ORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
Materiais e recursos didácticos diferenciados, diversificados e manipulativos dentro das posibilidades, tendo en conta o Protocolo Covid. Organización dos tempos de traballo en agrupamentos diversos para desenvolver as diferentes capacidades.	O alumnado está distribuído en grupos de traballo cooperativo. Ensinanza titorizada, alumno guía, e axuda entre iguais. Adaptación dos instrumentos e procedementos de avaliación. Reforzo educativo. Adaptación de materiais: manipulativos e visuais.

Profesorado de dispoñibilidade horaria para horas de apoio dentro da aula.	Tendo en conta en cada momento o Protocolo Covid.
--	---

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
Apoio das especialistas de PT e AL.	Adaptacións curriculares.

7. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade semipresencial e/ou non presencial.

Metodoloxía

A metodoloxía será o máis activa posible partindo dos contidos xa traballados na aula, unha metodoloxía global que contribúa a desenvolver as CC dun xeito transversal. Tendo en conta a situación actual do noso alumnado a metodoloxía buscará despertar o interese das nenas e nenos para que se manteñan motivados e activos.

Utilizaranse diferentes estratexias para chegar a todo o alumnado a través da Aula Virtual, aproveitando ó máximo as novas tecnoloxías. A maior parte dos materiais serán elaborados polas mestras, buscarase sacar o mellor partido das novas tecnoloxías, Aula Virtual, páxinas webs dinámicas (Genially, blogs,..), vídeos,...

Buscarase, ademais, aproveitar o que poidan ter pola casa como material de refugallo, para que eles mesmos fagan os seus propios materiais.

A atención á diversidade será fundamental e terase en conta a situación particular e familiar de cada alumna e alumno.

8. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Ciencias da Natureza

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área - Indicador mínimo de logro	C.C.
CN-B3.2	1º-CNB3.2.1 - Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.	Recole datos a partir da observación de xeito guiado.	CMCCT CCL CAA CSIEE CD

CN-B4.2	1º-CNB4.2.1 - Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	Distingue cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	CMCCT
CN-B5.1	1º-CNB5.1.1 - Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno.	CMCCT CSC CCL
CN-B5.1	1º-CNB5.1.2 - . Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	Identifica algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián.	CMCCT CSC CSIEE
CN-B5.2	1º-CNB5.2.1 - Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	Identifica algunhas partes do ordenador: pantalla, teclado, rato.	CMCCT CD CCL
CN-B5.2	1º-CNB5.2.2 - Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	Emprega o ordenador de forma guiada.	CMCCT CD

Ciencias Sociais

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	C.C.
CS-B3.6	1º-CSB3.6.1 - Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCCT CAA

CS-B3.7	1º-CSB3.7.1 - Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.	Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.	CSC CAA
CS-B4.1	1º-CSB4.1.1 - Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..	Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..	CSC CAA CCL
CS-B4.2	1º-CSB4.2.1 - Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSC CAA CCL

Lingua Galega

Critério de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	C.C.
LG-B1.7	1º-LGB1.7.1 - Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	CCL CAA CSIEE
LG-B1.10	1º-LGB1.10.1 - Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	Identifica a lingua galega oral con diversos contextos.	CCL CCEC

LG-B1.10	1º-LGB1.10.2 - Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	Recoñece o uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas.	CCL CSC CCEC
LG-B2.1	1º-LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	Comprende de textos sinxelos.	CCL CD CSC
LG-B2.1	1º-LGB2.1.3 - Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	Localiza información en textos breves e sinxelos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	CCL CSIEE CAA
LG-B2.7	1º-LGB2.7.1 - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	Selecciona textos do seu interese e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
LG-B2.7	1º-LGB2.7.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	Expresa opinións sobre as lecturas feitas.	CCL CSC CAA CSIEE
LG-B3.1	1º-LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	Produce textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	CCL CAA CSIEE
LG-B3.1	1º-LGB3.1.2 - Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	Elabora pequenos textos con certa coherencia.	CCL CSIEE CAA

LG-B3.1	1º-LGB3.1.5 - Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto?) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto.	CCL CSIEE	CAA
LG-B3.1	1º-LGB3.1.6 - Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.	Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.	CCL CSIEE	CAA
LGB3.2	1º-LGB3.2.1 - Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos.	CCL	CAA
LG-B3.3	1º-LGB3.3.1 - Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	Elabora carteis publicitarios, anuncios, cómic.	CCL CCEC CSIEE	CSC CAA
LG-B3.4	1º-LGB3.4.1 - Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	Usa de xeito guiado, programas informáticos	CCL CSIEE	CD CAA
LG-B3.6	1º-LGB3.6.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	CCL	CSC
LG-B4.1	1º-LGB4.1.3 - Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	Identifica os nomes propios.	CCL	CAA
LG-B4.1	1º-LGB4.1.4 - Sinala o xénero e número de palabras dadas.	Sinala o xénero e número de palabras dadas.	CCL	CAA

LG-B4.2	1º-LGB4.2.1 - Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	CCL CSC CCEC
LG-B4.4	1º-LGB4.4.1 - Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	Compara aspectos moi elementais das linguas que coñece.	CCL CAA
LG-B5.1	1º-LGB5.1.1 - Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: refráns, adiviñas, trabalinguas usando modelos.	CCL CAA CCEC
LG-B5.1	1º-LGB5.1.2 - Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como recurso de gozo persoal.	CCL CCEC
LG-B5.2	1º-LGB5.2.1 - Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	Le, de forma guiada, textos en silencio.	CCL CCEC CD
LG-B5.2	1º-LGB5.2.2 - Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados.	CCL CCEC CD
LG-B5.3	1º-LGB5.3.1 - Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	CCL CSC CCEC

LG-B5.4	1º-LGB5.4.1 - Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, como recurso de gozo persoal.	CCL CCEC	CSC
---------	---	---	-------------	-----

Lingua Castelá

Critério de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área - Indicador mínimo de logro	C.C.
LC-B1.8	1º-LCB1.8.1 - Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	Realiza representacións dramáticas adecuadas á súa idade.	CCL
LC-B2.3	1º-LCB2.3.1 - Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ?	Recoñece a funcionalidade de diferentes tipos de texto: carteis, avisos, receitas e normas.	CCL CAA
LC-B3.1	1º-LCB3.1.2 - Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ?	Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia	CCL
LC-B3.3	1º-LCB3.3.1 - Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas?	Escribe ,con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: notas,normas, listas e felicitacións.	CCL CD CAA
LC-B4.1	1º-LCB4.1.3 - Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	CCL

LC-B4.1	1º-LCB4.1.6 - Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia	Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia.	CCL
LC-B4.2	1º-LCB4.2.3 - Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	CCL
LC-B4.3	1º-LCB4.3.1 - Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	Utiliza de forma correcta algúns signos de puntuación e normas ortográficas propias do seu nivel.	CCL
LC-B4.4	1º-LCB4.4.1 - Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	Forma e ordena correctamente oracións simples.	CCL
LC-B5.2	1º-LCB5.2.2 - Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	Interpreta con axuda a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	CCL CAA

Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	C.C.
------------------------	------------	--	------

MT-B2.2	1º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT
MT-B3.1	1º-MTB3.1.1 - Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	CMCT
MT-B3.2	1º-MTB3.2.1 - Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.	Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.	CMCT
MT-B3.4	1º-MTB3.4.2 - Le en reloxo analóxico e dixital a hora en punto e a media hora.	Iníciase na lectura de reloxo analóxico e dixital a hora en punto.	CMCT
MT-B3.5	1º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros).	CMCT CAA
MT-B3.6	1º-MTB3.6.1 - Resolve problemas sinxelos de medida	Resolve problemas sinxelos de medida.	CMCT CAA

MT-B5.1	1º-MTB5.1.1 - Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.	Rexistra datos sinxelos en representacións gráficas básicas.	CMCT CAA
MT-B5.1	1º-MTB5.1.2 - Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.	Iníciase na resolución de problemas nos que interveña a lectura de gráficos.	CMCT CAA

Valores

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área - Indicador mínimo de logro	C.C.
VSC-B3.5	1º-VSCB3.5.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Respecta as normas viarias básicas e participa en campañas escolares.	CSC CSIEE
VSC-B3.5	1º-VSCB3.5.2 - Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	Recoñece e identifica sinais de tráfico de uso frecuente.	CSC CAA
VSC-B3.5	1º-VSCB3.5.2 - Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.	Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.	CSC CCL